



Valcárcel valora cos veciños os danos causados por unha riada de lodo causada polas obras da Variante de Marín

Pontevedra, 18 de febreiro de 2010

O concelleiro do Rural, Xosé Manuel Valcárcel, desprazouse esta mañá ao camiño do Marco (Lourizán) para facer unha primeira avaliación dos danos causados por un aluvión de auga enlodada procedente da rotura accidental dunha balsa de decantación nas obras da Variante de Marín, que pasa por uns terreos próximos situados monte arriba.

O suceso produciuse a primeira hora da mañá e, segundo os datos recopilados polo concelleiro, debeuse a un erro humano que provocou o reventamento. Este tipo de balsas, esixidas polo estudo de impacto ambiental, instálanse para filtrar as augas e evitar prexuízos nas propiedades.

O incidente provocou o ateigamento de fincas recién labradas, a inundación dalgúns baixos, a inutilización de pozos e mananciais e tamén unha afectación ao propio camiño do Marco, onde precisamente o Concello está a acometer a obra de canalización das augas pluviais, ao tratarse dunha vía cunha forte pendente e situada en terreno rochoso, o que viña causando importantes avenidas nos días de choiva.

A presenza do concelleiro do Rural foi reclamada polos veciños, cos que mantén unha estreita relación a raíz da execución desta obra municipal, valorada en 96.699 euros e que marcha a bo ritmo de execución. Valcárcel Riveiro púxose en contacto coa empresa construtora e asegurouse da realización dunha revisión directa dos desperfectos, coa intención de que a empresa se faga cargo dos desperfectos causados.

Xosé Manuel Valcárcel encargou, asemade, un informe sobre o sucedido aos técnicos municipais. Este documento será enviado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e apuntará, ademais, medidas e recomendacións para que non se volva repetir.

Dáse a circunstancia de que o camiño do Marco fai de límite entre os concellos de Pontevedra e Marín, polo que os afectados pertencen a ambos municipios.